



Concello de Monterroso

BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN, POR CONCURSO, DE PERSOAL EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL PARA A FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA O CONCELLO DE MONTERROSO.

1.-OBXECTO.

O obxecto destas bases é establecer as normas e procedementos xenéricos para crear os/as candidatos/as da bolsa de emprego para cubrir praza de persoal laboral temporal no Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Monterroso que queden vacantes por diversos motivos (baixas, vacacións, acumulación de tarefas....) mentres as mesma non se cubran polo procedementos xeral.

Nos posto de traballo que se cubran a través destas bolsas de emprego, os seleccionados prestarán servizos, de carácter temporal, no Concello de Monterroso, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas propias de cada posto ou calquera outra que lle poderá encomendar a alcaldía sempre que garden relación cos postos a desempeñar e que afecten ó funcionamento do servizo publico descrito como esencial para a cobertura de necesidades prioritarias, urxentes e inaprazables.

O persoal que formará parte desta bolsa poderá estar contratado durante un período máximo de 6 meses dentro de un período de 12 meses (contrato eventual por circunstancias da produción). En caso de que non chegar a ese máximo, poderá asinarse contrato polo tempo que reste ata esa duración máxima. Esta limitación na duración do contrato non será tida en conta nos contratos de interinidade.

Quedarán eliminadas da lista aquelas persoas que renuncien á praza sen causa xustificada. Pasaran ao final da lista as persoas que renuncien á contratación con causa xustificada (contrato laboral vixente o baixa médica).

As persoas que nun período de doce meses (12) traballen seis meses (6) seguiran no mesmo posto da lista pero non poderán ser contratadas ata que transcorra o prazo legal establecido.

A presente convocatoria e bases publicaranse no taboleiro de anuncios sito na sede electrónica Concello de Monterroso e a convocatoria será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo .





Concello de Monterroso

2.- CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para ser admitidas na lista os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos á data de finalización de prestación de solicitudes e deberán gozar destes durante toda o prazo na que mesma estea en vigor:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ó disposto no artigo 52 da lei 2/2015, de 29 de abril do emprego Público de Galicia, permita o acceso ó emprego público. Ponde acceder ó emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

a) As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

b) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

c) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

d) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

e) As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

2. Exceptúase do previsto no apartado anterior o acceso aos empregos públicos que directa ou indirectamente impliquen participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto salvagárdala dos intereses das administracións públicas.

3. Poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións cos españois as persoas con nacionalidade estranxeira ás que se refire o apartado primeiro deste artigo, así como os demais estranxeiros con residencia legal en España.

b) Ter cumpridos de dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o





Concello de Monterroso

desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

d) Estar en posesión de algunhas das seguintes titulacións :

-O título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermaría establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar de Psiquiatría e técnico/a Auxiliar de Enfermaría que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique eos mesmos efectos profesionais.

-O título de técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

-O título de técnico/a superior en integración social establecido no Real Decreto 1074/2012 do 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico/a superior en integración social establecido no Real Decreto 2061/1995 do 22 de decembro, para aqueles profesionais que a data de publicación do citado acordo do 19/10/2017, estean a traballar na categorida profesional de cuidador/a ou xerocultor/a.

-O certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais ou no domicilio, regulado polo Real Decreto 1379/2008 do 1 de agosto, o no seu caso, calquer outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais. Tamén é válida a habilitación excepcional concedida ao abeiro da Orde do 19 de novembro do 2018 pola que se regula o procedemento de obtención das habilitacións para profesionais pertencentes as categorías de persoal coidador, xerocultor, auxiliar de axuda no fogar e asistente/a persoal nos centros e servizos sociais do sistema para a autonomía e atención á dependencia, no ámbito da CCAA de Galicia.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación

e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutos das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

f) Cumprir, no momento de formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na lei 53/1984 de incompatibilidades de persoal ó servizo das administracións públicas.





Concello de Monterroso

g) Contar con carné de conducir AM, A1, A2, A o B1 en vigor.

3.- INSTANCIAS.

Os que desexen entra a formar parte da bolsa para traballo temporal, deberá presentar solicitudes no modelo oficial que se publicará como anexo a esta bases e que se lles facilitará nas dependencias municipais e na sede electrónica do Concello de Monterroso.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello (presencial ou electrónico) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de sete días (7) hábiles (non contan sábados, domingos e festivos) contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo.

4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE.

Coas solicitudes deberá presentarse necesariamente a seguinte documentación;

- Copia do DNI ou documento similar de acreditación da identidade.
- Copia do título da formación esixida.
- Solicitud de instancia segundo o modelo que se inclúen nestas bases, ANEXO II.
- Declaración responsable segundo o modelo que se inclúen nestas bases, ANEXO III.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso. Non se valorarán os méritos que non sexan efectivos antes de que remate o prazo de presentación de instancias.
- Copia do permiso de conducir acreditado

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Despois da presentación de instancias de todos os candidatos, a Alcaldía ditará unha resolución, no prazo máximo de 3 días, na que declare aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.es/>), indicárase un prazo de dous días hábiles para a emenda; este prazo de subsanación de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios.

Unha vez transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nun prazo máximo de 5 días hábiles, que se publicará no





Concello de Monterroso

taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Monterroso, na que se sinalará a composición do tribunal, e a data e hora na que se constituirá o tribunal.

No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

Composición. O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplente, podendo actuar indistintamente, tendo todos eles voz e voto.

Presidente/a: Persoal funcionario ou laboral fixo.

Vogais: Tres persoas funcionarias ou laborais, técnicas ou expertas.

Secretario/a: Persoal funcionario.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual. Os membros do Tribunal deberán posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza/posto ou emprego que se convoca.

Nomeamento e publicación. As persoas que integren o Tribunal, así como os asesores e colaboradores serán nomeadas mediante resolución da Alcaldía. A dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Entidade e na súa páxina web. Incorporación de persoal asesor e de colaboración. O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor ao obxecto de oír a súa opinión especializada, así como de persoal colaborador para o apio durante o desenvolvemento do sistema selectivo.

Abstención e recusación. Os membros do Tribunal, e se é o caso o persoal asesor, absteranse de intervir, comunicándollo á Alcaldía, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da vixente Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a súa recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada Lei.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da





Concello de Monterroso

metade dos membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente/a e do secretario/a dos ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

7.- VALORACIÓN DE MÉRITOS

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo cos baremos establecidos nas bases. Os méritos deberanse posuírse na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen coa presentación da instancia.

Non se valorarán os méritos que non sexan efectivos antes de que remate o prazo de presentación de instancias, nin os que non se presenten coa solicitude.

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o tribunal fará pública a bolsa de aspirantes, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>.

Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado o Presidente da Corporación para aprobación da bolsa definitiva de aspirantes.

8.- PROCEDIMIENTO PARA CUBRIR AS BAIXAS TEMPORAIS EXISTENTES.

Cando resulte necesario cubrir unha das prazas de forma temporal, avisarase as persoas integrantes da lista correspondentes polo orde que figuren nela.

Este aviso farase de forma individualizada para cada candidato/a a través de teléfono móbil. No caso de que, tras dous intentos de chamadas telefónicas en horario diferente non se conseguise contactar coa persoa interesada, procederase a chamar ao seguinte da lista e así sucesivamente, o mesmo que no caso de que algún manifeste a súa renuncia.

A renuncia por causa xustificada (contrato laboral, baixa médica) non implicará a eliminación da lista (pasando a último lugar), quedará en suspenso na mesma ata que volva a





Concello de Monterroso

manifestar de forma expresa que quere reanudar os chamamento en caso de que se produzan.

Si a renuncia non é por algunha causa xustificada, dita persoa quedará automaticamente eliminada da lista, o mesmo si renuncia voluntariamente ao contrato unha vez iniciado este.

Realizado chamamento á persoa aspirante, formalizarase o correspondente contrato de interinidade ou temporal coas condicións correspondentes a cada posto de traballo.

O aspirante proposto achegará á Administración, dentro do prazo establecido, os orixinais dos documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non serán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Una vez finalizado o período de contrato, o aspirante reintegrarase nas listas, na orde correspondente.

8.- VIXENCIA DAS BOLSAS DE CONTRATACIÓN.

A vixencia destas bolsas de contratación será de dous anos, inda que, dependendo do resultado, si o número de persoas existentes na lista e as súas circunstancias non permiten que as mesmas sexan operativas, poderá reduciros esta vixencia e sacar unha nova convocatoria.

9.- RECURSOS.

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados no casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo das Administracións Públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social. Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de





Concello de Monterroso

reposición ante a alcaldía no prazo dun mes, previo ó contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado Contencioso-Administrativo ou, a partir do día seguinte ó de publicación do seu anuncio no BOP.





Concello de Monterroso

ANEXO I. CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DO POSTO DE TRABALLO

1.-Relación xurídica co concello: Persoal laboral temporal, Grupo de cotización 9. Pagaranse os desprazamentos con vehículo propio, previamente xustificados, según o legalmente establecido.

2.- Horario e condicións do posto de traballo: Tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar indicáraselle polo responsable do departamento de servizos sociais segundo as necesidades dos servizos.

De todas formas o horario podería ser a xornada partida, de tarde e fins de semana e festivos, sempre respectando a normativa laboral aplicable e os acordos acadados na negociación colectiva.

3.- Titulación requirida:

-O título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermaría establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar de Psiquiatría e técnico/a Auxiliar de Enfermaría que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique eos mesmos efectos profesionais.

-O título de técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

-O título de técnico/a superior en integración social establecido no Real Decreto 1074/2012 do 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico/a superior en integración social establecido no Real Decreto 2061/1995 do 22 de decembro, para aqueles profesionais que a data de publicación do citado acordo do 19/10/2017, estean a traballar na categoría profesional de cuidador/a ou xerocultor/a.

-O certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais ou en domicilio, regulado polo Real Decreto 1379/2008 do 1 de agosto, o no seu caso, calquer outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais. Tamén é válida a habilitación excepcional concedida ao abeiro da Orde do 19 de novembro do 2018 pola que se regula o procedemento de obtención das habilitacións para profesionais pertencentes as categorías de persoal coidador, xerocultor, auxiliar de axuda no fogar e asistente/a persoal nos centros e servizos sociais do sistema para a autonomía e atención á dependencia, no ámbito da CCAA de Galicia.





Concello de Monterroso

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación

4.- Requisitos específicos: Deberán contar con carné de conducir AM, A1, A2, A o B1

5.- Baremo do concurso:

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata o máximo de 4 puntos):

- Experiencia laboral directamente relacionada co posto de traballo ao que se aspira ou similar na Administración Pública: 0.25 puntos por mes traballado ata un máximo de 4 puntos .
- Experiencia laboral directamente relacionada co posto de traballo ao que se aspira ou similar na empresa privada: 0.10 puntos por mes traballado ata un máximo de 2 puntos .

A experiencia profesional acreditarase mediante certificado de servizos prestados na administración competente ou o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa mais vida laboral onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración. (Non se valorarán os méritos si os contratos ou certificados de empresa non veñen acompañados da vida laboral ou si se presenta a vida laboral sen os contratos ou certificados correspondentes).

b) FORMACIÓN (máximo 5 puntos)

- Por cursos relacionados co posto de traballo. Máximo 3.5 puntos. Obtendo 0.5 puntos por curso realizado.
- Por posuír o carné de manipulación de alimentos 0.5 puntos.
- Por posuír o Curso de Primeiros Auxilios 0.5 puntos.
- Por posuír o Curso de Prevención de Riscos Laborais 0.5 puntos.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

c) COÑECEMENTO DO GALEGO (só computara o curso de maior puntuación):

- Contar con CELGA 1 ou equivalente: 0.25 puntos
- Contar con CELGA 2 ou equivalente: 0.50 puntos
- Contar con CELGA 3 ou equivalente: 0,75 puntos
- Contar con CELGA 4 ou equivalente: 1 puntos





Concello de Monterroso

En caso de empate nas puntuacións da valoración, desempatarase coa puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, quedando en posición superior a persoa que teña unha maior puntuación nese apartado.

Si aínda así continuase o empate, o mesmo desfarase coa puntuación acadada no apartado de formación.

En último caso o desempate farase por sorteo.





Concello de Monterroso

ANEXO II. SOLICITUDE PARA SER INCLUIDA/O NA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA O CONCELLO DE MONTERROSO (PERSOAL LABORAL TEMPORAL)

D./D.^a _____, con
DNI/NIE/PASAPORTE/ _____, con enderezo a efectos
de notificación en _____ con
teléfono _____ e correo electrónico _____.

EXPOÑO:

1. Que tiver coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Monterroso para a creación da Bolsa de Emprego para a contratación temporal que se indica.
2. Que coñezo e acepto as bases que rexen a formación de dita bolsa de emprego e que reúno os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.
4. Que solicito ser incluído/a en dita bolsa de emprego e para iso presento a seguinte documentación:
 - Copia do DNI ou documento similar de acreditación da identidade.
 - Copia do título da formación esixida.
 - Solicitud de instancia segundo o modelo que se inclúen nestas bases, ANEXO II.
 - Declaración responsable segundo o modelo que se inclúen nestas bases, ANEXO III.
 - Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso.
 - Copia do permiso de conducir

Por iso SOLICITO:

Ser admitido/a na correspondente Bolsa de Emprego.

O/a abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e casa unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases e que lle consta a información sobre protección de datos correspondente,

En _____, a _____ de _____ de 20____

Asdo:





Concello de Monterroso

ANEXO III. MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./D^a _____
con DNI _____,

DECLARA

Baixo xuramento ou prometo, ós efectos de ser admitido/a no proceso de elaboración de bolsas de emprego para cubrir postos de traballo temporais no Concello de Monterroso, que.

- A) Non foi separado/a mediante expedientes disciplinario do Servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía. No caso nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ó Emprego público nos termos anteriores .
- B) Non atoparse incluso/a nas causa de incapacidade previstas na lexislación vixente.
- C) Cumprir cos requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administración públicas.

En _____, a _____ de _____ de 20____

O/A solicitantes

Asdo:

